

# ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

## Orientacións para estimular os diferentes componentes da linguaxe oral: Fonoloxía, semántica, morfosintaxe e pragmática

### FONOLOXÍA:

Podedes traballar en casa o fonema ou fonemas nos que o neno/a presente dificultades facendo xogos de sons ou onomatopeas que destaquen eses fonemas. Por exemplo, se lle queredes ensinar a pronunciar correctamente o fonema /s/, simulade que sodes unha serpe (facendo os sons serpentinos da /s/) e que o neno/a vos imite. Tratade de non corrixi-lo constantemente a súa produción do fonema antes de que poida pronuncialo correctamente. Non convén presionalo/a ata que el poida emitir ese son.

Unha vez que xa o poida emitir correctamente, practicade a súa produción mediante imaxes, trabalinguas, adiviñas ou libros; os cales contribuirán a que a articulación se volva máis automática e menos custosa.

Podedes atopar material e ideas interesantes para traballar fonoloxía nas seguintes ligazóns:

<https://docs.google.com/file/d/0B5IWTMH7HazMVlFsSkF5MmVDM0k/edit>

[http://www.arasaac.org/materiales.php?id\\_material=1939](http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=1939)

[http://www.arasaac.org/materiales.php?id\\_material=1665](http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=1665)

<https://conteni2.educarex.es/mats/11358/contenido/index2.html>

## MORFOSINTAXE:

É importante que os nenos realicen oracións tendo en conta a concordancia xénero-número, a estrutura e elementos da oración, a coherencia e o sentido da oración como elemento comunicativo.

Para desenvolver e traballar este apartado, podedes realizar actividades sinxelas como completar unha oración na que falte o verbo; construír frases simples a partir de imaxes ou palabras (por exemplo: "pelota". "A pelota é azul"); completar frases engadindo novos elementos (por exemplo: "pelota". "A pelota é azul", é que máis? "A pelota é azul e redonda"); construír oracións a partir de ilustracións; ou ordenar os compoñentes desordenados dunha oración ata que esta teña sentido

Recoméndovos que estas actividades as realicedes en base aos intereses do neno/a, debido a que resultan complexas e xeralmente terminan rexeitándoas. Así pois, se lle gusta a Patrulla Canina, podedes facer un debuxo ou ver un anaco dalgún episodio onde aparezan, e parar a imaxe aproveitando para darlle consignas como: "Chase come \_\_\_\_\_", e que o neno complete cunha palabra: "Chase come unha hamburguesa"; ou "Chase (verbo comer \_\_\_\_\_) unha hamburguesa", e que o neno/a coloque o verbo na conjugación que corresponda.


Ou mesmo podedes aproveitar para ver que aparece nesa imaxe, e se por exemplo sae un anaco de queixo, aproveitade para darlle un modelo (por exemplo, "gústanme moito os macarróns con queixo") e pídelles que realice algunha frase similar ben estruturada.

Podedes atopar material e ideas interesantes para traballar morfosintaxes nas seguintes ligazóns:

<https://www.soyvisual.org/materiales/ordenar-y-construir-frases>

<http://lapsico-goloteca.blogspot.com/2016/03/que-quien-cuando-como-donde-con-que.html>

[http://www.arasaac.org/materiales.php?id\\_material=1400](http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=1400)



## SEMÁNTICA:

Lede un pouco tódolos días. Os contos con imaxes axudaranlle a entender mellor a historia e son ideais para estimular o desenvolvemento léxico. Ademais, é conveniente facerlles partícipes cando sinalen algún debuxo ou viñeta con pequenas preguntas ou comentarios das imaxes (podemos ir introducindo preguntas simples primeiro, e máis complexas despois, sobre o que vemos, quen o realiza, que accións realiza, características, etc.).

Podedes traballar tamén con tarxetas que leven debuxos de froitas, animais, profesións... ou mesmo con obxectos reais, e pedirlle que os denomine e despois que os clasifique (animais por unha banda, alimentos por outro, etc.) ou que decida cal é o que sobra porque pertence a outra categoría e que explique o porqué da súa elección. Pódese facer esta actividade dunha maneira divertida se se traballa con fichas e se lle pide que coloree, recorte ou tache o elemento que cre que sobra.

Este tipo de actividades facilitan tamén traballar as diferenzas ou similitudes que gardan entre si dúas das tarxetas ou obxectos, fomentando así as descrições e buscando que realice frases gramaticalmente correctas.

Os xogos de rimas, de adiviñas, do vexo - vexo... tamén son recursos de gran utilidade: melloran a súa axilidade mental, reforzan a comprensión de conceptos e amplían o seu vocabulario.

Podedes atopar material e ideas interesantes para traballar semántica nas seguintes ligazóns:

[http://www.arasaac.org/materiales.php?id\\_material=1540](http://www.arasaac.org/materiales.php?id_material=1540)

[https://www.dropbox.com/s/j3vo3mbyadjl5et/BUSCA%20CATEGORIAS%20SEMANTICAS\\_EUGENIA%20ROMERO.pdf?dl=0](https://www.dropbox.com/s/j3vo3mbyadjl5et/BUSCA%20CATEGORIAS%20SEMANTICAS_EUGENIA%20ROMERO.pdf?dl=0)

[https://www.youtube.com/watch?v=v5wG-URNBR0ofeature=emb\\_logo](https://www.youtube.com/watch?v=v5wG-URNBR0ofeature=emb_logo)

<https://www.soyvisual.org/materiales/tacha-el-elemento-que-no-pertenece-al-grupo>

<https://www.youtube.com/watch?v=-7P7uy7ZXiA>

<https://www.youtube.com/watch?v=i4YokDkfDYI>

## PRAGMÁTICA:

É primordial que o neno/a entenda as expresións faciais, así como que situacións poden desencadear un sentimento ou outro. Deste xeito é máis fácil que sexa capaz de poñerlle nome ao que sente, e así poder xestionar o que lle pasa. Para iso podedes traballar con debuxos de caras que expresen distintos estados de ánimo (contento, triste, sorprendido, asustado...), e mesmo cos emoticonos de Whatsapp para que sexa máis motivante. Pedídlle que conte situacións nas que se sentiu así ao longo do día, ou que invente situacións hipotéticas nas que alguén podería sentirse dese modo.

Tamén é importante que os nenos sexan capaces de desenvolver habilidades como: escoitar, adaptar a súa linguaxe ao contexto, respectar a quenda de palabra, comezar e manter conversacións... Para iso existen moitas actividades coas que podedes axudalos a desenvolvelas, por exemplo, podedes pedirle que coloque tarxetas para formar unha historia coherente e que despois explique o que está a pasar; xogar a xogos de role-playing (por exemplo, xogar a que somos cocineiros/as, a que vamos ao supermercado ou a unha consulta do pediatra, etc.); ou realizar actividades en base a un conto (relatar, ordenar secuencias ou escenas, describir personaxes ou paisaxes, crear finais novos, etc.).

